

982294396



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES
Dirección Xeral de
Ordenación do Territorio e Urbanismo

Edif. Admtvo. San Caetano, Bloque 3
15781 Santiago de Compostela

DSNR PTU-LU-06/015
O CORGO (LU)
DELIMITACIÓN NÚCLEO RURAL
DE ARXEMIL
A.D.- resolución
Pax 1 de 2

CONCELLO DO CORGO

06 ABR. 2009

30 MAR. 2009

NÚMERO 650

NÚMERO 595 SAÍDA

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P3
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

REXISTRO XRAL. ENTRADA

Sr. Alcalde do Concello do Corgo
(Lugo)

Notifícolle que con data de 25 de marzo de 2009 o Sr. Director Xeral de Urbanismo, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes ditou a resolución que literalmente di:

"RESOLUCIÓN SOBRE A APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE DELIMITACIÓN DO SOLO DO NÚCLEO RURAL DE ARXEMIL, NA PARROQUIA DO MESMO NOME, CONCELLO DE O CORGO (LUGO).

I. ANTECEDENTES

O concello de O Corgo remite o proxecto de delimitación referido, aos efectos de obter a súa aprobación definitiva, conforme á Disposición Adicional 2ª.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUG.

A documentación técnica remitida, datada en maio de 2008 está redactada polo técnico municipal, e contén unha memoria xustificativa, planos de información e de ordenación ou delimitación e fotografía aérea.

O concello de O Corgo carece de instrumentos de planeamento xeral, rexéndose polas normas de aplicación directa da LOUG e, no que non se opón a estas, polas Normas Complementarias e Subsidiarias de planeamento provincial.

Atópase en tramitación un Plan Xeral de ordenación deste municipio, aprobado inicialmente o 30 de setembro de 2005.

Con data do 7 de novembro de 2006, esta dirección xeral acordou non aprobar unha primeira versión do proxecto de delimitación do mesmo núcleo, indicando unha serie de deficiencias que deberían ser corrixiadas antes de someterse novamente a aprobación definitiva, razón que explica a formulación deste novo proxecto.

Con data 11 de febreiro de 2009 tivo entrada no rexistro xeral da Xunta de Galicia en Lugo, oficio do Concello de no que se solicita a aprobación do expediente corrixido da delimitación do solo de núcleo rural prevista no apartado 2 da disposición adicional segunda da LOUG.

Segundo consta no expediente remitido, a delimitación do núcleo rural tradicional de Arxemil foi tramitada de conformidade co disposto na disposición adicional segunda da LOUG e aprobada provisionalmente por acordo adoptado polo pleno na súa sesión do 16 de xaneiro de 2008.

O concello enviou tres exemplares do proxecto técnico da delimitación, coa a dilixencia de ser os aprobados provisoriamente na data indicada.



II. CONSIDERACIÓNS E FUNDAMENTACIÓN

Tras analizar a documentación enviada polo concello e á vista da proposta elaborada polo Servizo de Urbanismo, compre indicar o seguinte:

Como xa se recoñeceu na resolución do 7 de novembro de 2006, a entidade delimitada aparece recollida no Nomenclátor de entidades de poboación da provincia de Lugo (Decreto 6/2000).

Delimítase a circunscrición do núcleo, non previndo áreas de expansión.

De acordo coa información contida no proxecto, a nova delimitación cumpre os requisitos establecidos no art. 13.3, 1º inciso, da LOUG, e en especial, co criterio de consolidación mínima do 50% esixido polo citado artigo.

De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG, e co artigo 7º do Decreto 188/2008, do 28 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleo rural lle corresponde ao Director Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. RESOLUCIÓN

Visto canto antecede, RESOLVO:

Aprobar o expediente de delimitación de solo do núcleo rural de Arxemil, na parroquia de Arxemil, concello de O Corgo (Lugo), polas consideracións expostas no apartado II.

Contra esta resolución, que non pón fin á vía administrativa, poderáse interpoñer recurso de alzada ante a Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, no prazo dun mes que se contará a partir do día seguinte ó de notificación desta resolución, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente (artigos 48, 58, 114 e 115 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro).


No suposto de que o interesado sexa unha administración pública non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, no seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigo 44 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa).

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2009


○ subdirector xeral de Urbanismo

Jose Luis Alvarez Vicente





CONCELLO DE O CORGO



ORDENANZAS EN SOLO DE NÚCLEO RURAL

- DELIMITACIÓN DO NÚCLEO
- NÚCLEO TRADICIONAL
- ÁREA DE EXPANSIÓN
- S.R. PROTECCIÓN DE AUGAS

DOTACIÓNS LOCAIS

- EQUIPAMENTOS COMUNITARIOS
So - Sociocultural E - Educativo
D - Deportivo R - Religioso
- ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES

ALIÑACIÓNS E RASANTES

- ALIÑACIÓN DO VIAL
- ANCHO DE RÚA (E= Existente)
- LIÑA LÍMITE DE EDIFICACIÓN

PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

- XACEMENTOS ARQUELÓXICOS
- ELEMENTO CATALOGADO
- ÁREA DE PROTECCIÓN DE BENS CATALOGADOS

DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL

TÍTULO	SITUACIÓN Y DELIMITACIÓN DE NÚCLEO RURAL	
NÚCLEO	ARXEMIL	Nº DE PLANO 1
PARROQUIA	ARXEMIL (San Pedro)	
ESCALA	1/2.000	
AUTOR	ANTONIO M. SEJAS PARDO - ARQUITECTO TÉCNICO MUNICIPAL - CONCELLO DO CORGO	

APROBADO DEFINITIVAMENTE
POR RESOLUCIÓN DO DIRECTOR XERAL
DE URBANISMO

DE DATA **25 MAR. 2009**

COAS CONDIÇÕES QUE NELA FIGURAN
do Rele do Servizo Provincial de Urbanismo
e Inspección Territorial de Lugo

Asco.: José Luis Losada 149088

